



**GRUPO MUNICIPAL
A POBRA DO CARAMIÑAL**

Xosé Manuel Casal Sabín, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte **MOCIÓN** relativa a melloras na seguridade viaria en varios lugares do concello

.EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A AC-305 é a principal vía de comunicación interna da comarca e do noso concello e a que estrutura e articula a maior parte dos desprazamentos de vehículos tanto internamente no noso concello como os desprazamentos fóra de el. Ao mesmo tempo é unha infraestrutura que divide en dous ao casco urbano da nosa vila. Para acceder dende a parte nordés da vila á AC-305 temos a rúa Fernández Varela, que dá servizo fundamentalmente ao Lagar e a conexión coa estrada de Santa Cruz e arredores, e despois a rúa Manuel Leiras Pulpeiro e Manuel Murgía que atende fundamentalmente á zona nordés do Caramiñal.

Pois ben, neste último caso existe un par de lugares onde a seguridade viaria é manifestamente mellorábel. Por un lado está a situación de perigo que se dá no cruce entre a rúa Lamas e Andrés con Rafael Dieste, onde a visibilidade é escasa, hai que invadir carrís de circulación e a sinalización horizontal é absolutamente deficiente. Por outro lado, a rúa Lápido ao seu paso ao carón do parque Rafael Baixelas carece de beirarrúas polo que os peóns teñen que circular polo zona de tráfico. Finalmente na saída á Rúa Gasset dende Manuel Murgía os vehículos teñen que facer o stop en riba do paso de peóns, o que evidentemente non é o mellor maneira de facelo.

En base ao exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

A C O R D O S

1.- O goberno municipal desenvolverá as actuacións necesarias para mellorar a seguridade viaria nos lugares e nas situacións xa referidos na exposición de motivos, con especial atención a dotar de pasos e itinerarios seguros para os peóns, así como evitando as situacións de risco na circulación de vehículos.

A Pobra do Caramiñal, 14 de outubro de 2017.

Asdo.: Xosé Manuel Casal Sabín,
Concelleiro do G. M. do BNG-AA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL.